



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SXS1 (CENTRO DE SAÚDE) A RAMALLOSA, CONCELLO DE TEO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Teo  
Expediente: 2023AAE2774

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Teo (aprobado definitivamente o 4.6.2010) contempla como novo sistema xeral de equipamentos comunitarios un centro de saúde (SXS1) próximo ao núcleo da Ramallosa.
- 2 O 6.2.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Teo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotacións SXS1 Centro de saúde A Ramallosa" (en diante PEID). Achegaba un documento ambiental estratéxico (DAE) e un borrador do planeamento.
- 3 O 9.3.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 Conforme o artigo 75.3 da LSG, o órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o planeamento ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.





- 4 A LSG establece tamén que antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. Características do plan

Obxecto: posibilitar a implantación dun novo centro de saúde na Ramallosa.

Ámbito de actuación: terreos rústicos situados uns 100 metros ao oeste do bordo do núcleo urbano da Ramallosa, capital do concello de Teo. O ámbito abrangue a parcela que destina o PXOM a sistema xeral S1 (sanitario), en solo rústico de protección ordinaria, e parte dunha parcela de solo rústico de protección forestal (R3). Segundo o borrador, a superficie reservada polo PXOM (4.904 m<sup>2</sup>) non é suficiente para atender as necesidades do programa do novo centro de saúde.

Superficie do ámbito: 10.420 m<sup>2</sup>

Alternativas: o documento ambiental estratéxico contempla tres posibles alternativas: a alternativa 1 (non modificación), a alternativa 2 (ordenación de terreos destinados á edificación na sección oeste da parcela) e a alternativa 3 (ordenación de terreos destinados á edificación en calquera punto da parcela, mantendo as áreas de servidume pertinentes respecto a outros elementos). A alternativa 2 é a elixida tras acadar a valoración de efectos máis positiva.

Proposta: o borrador establece a ordenación detallada do ámbito de actuación, na que delimita unha zona edificable dotacional no noroeste, destina o resto a espazos libres e reserva un espazo retranqueado da estrada provincial DP-0205 para acceso e manobra dos vehículos e para a dotación de aparcadoiros.

Para resolver o abastecemento de auga e o saneamento do novo equipamento prevese a conexión coas redes existentes na estrada provincial DP-0205. Realizaranse dúas redes pluviais diferenciadas que contemplan a reutilización da auga de choiva na parcela.

A normativa inclúe medidas para favorecer a integración das actuacións proxectadas, como a plantación de especies autóctonas, a conservación na medida do posible da vexetación potencial e o uso de pavimentos permeables nas zonas de tránsito. Tamén establece medidas para fomentar o uso de enerxías renovables e minimizar a contaminación luminosa.

### 2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PEID emprázase nunha zona forestal próxima ao centro urbano da Ramallosa, onde se concentran outros equipamentos municipais de carácter administrativo, social, educativo e deportivo. Trátase dunha contorna rurubana, na que predominan as coberturas dedicadas a produción forestal alternadas con urbanizacións, pequenas áreas de cultivo e actividades industriais e comerciais.





Os terreos do ámbito están parcialmente ocupados por especies de repoboación e rodeados por masas densas de arboredo de produción madeireira. Formaron parte do proceso de concentración parcelaria de Cacheiras (San Simón de Ons) e o monte de San Xoán de Recesende (acordo firme do 28.02.2008).

No leste vense afectados pola contorna de protección do xacemento da Ramallosa, catalogado no PXOM (GA15082076; ficha 76).

Polo sur o ámbito ten acceso directo á estrada provincial DP-0205 e polo oeste unha vía forestal. Segundo o borrador, pola estrada provincial *discorren as principais infraestruturas e servizos públicos que foron canalizadas na marxe esquerda.*



●●●● Ámbito PEID    ■ Zona edificable dotacional    □ Espazos libres    ● Xacemento

### 3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Deputación Provincial da Coruña		x

Asemade, o borrador do PEID mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.





O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do PEID todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. No relativo á avaliación ambiental estratéxica do plan, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas con incidencia ambiental:

#### Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Xustificarase o cumprimento do artigo 39.d) 7ª da LSG, manténdose o estado natural dos terreos ou alternativamente introducirase a plantación de arboredo ou especies vexetais, en todo caso mediante solucións que impidan o selado do solo en, cando menos, a metade da superficie non ocupada da parcela.

#### Instituto de Estudos do Territorio

O PEID non terá un impacto significativo sobre a paisaxe sempre que se teñan en conta unha serie de consideracións que recolle no informe (e que son trasladadas ás determinacións deste informe ambiental estratéxico).

O documento ambiental estratéxico incorpora un estudo da paisaxe cuxo contido axústase ao disposto no artigo 35 do Regulamento da Lei de Paisaxe de Galicia (RLPPG).

#### Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Sinala que na reportaxe fotográfica achegada pódese apreciar a calidade ambiental dalgúns dos camiños que bordean o ámbito e considera axeitado o tratamento vexetal do espazo libre (uso de especies autóctonas, criterios de máxima naturalización, ter en conta as preexistencias e procurar a súa incorporación).

Como medidas correctoras e preventivas solicita: recoller nos planos o contorno de protección do xacemento da Ramallosa delimitado no PXOM; ter en conta as cautelas e determinacións que establezan o Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG); e incluír na normativa do PEID o réxime aplicable ás actividades arqueolóxicas e as intervencións nos contornos de protección (artigos 45, 46 e 96 LPCG). Tamén solicita achegar o "estudo de integración paisaxística" en función do cal se concretarán os parámetros de edificación e urbanización para o ámbito e uso concretos e valorar a compatibilidade das intervencións dentro do contorno de protección (artigos 45 e 46 LPCG).

#### **4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013**

Con este plan especial preténdese establecer as condicións urbanísticas axeitadas dun solo para posibilitar a construción dun centro de saúde na Ramallosa.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O PEID afecta a un ámbito de reducida extensión (1 ha) que abrangue unha parcela que o PXOM xa destina á construción dun centro de saúde e terreos contiguos sen destacados valores ambientais, polo que non terá efectos significativos sobre a ocupación do recurso solo.





O plan tampouco terá efectos significativos sobre a paisaxe. A incidencia paisaxística provocada pola urbanización desta zona forestal pode quedar amortecida coas medidas de inserción paisaxística propostas no documento ambiental estratéxico, que deberán trasladarse á normativa para garantir a súa aplicación. Asemade, cómpre establecer medidas para o amortecemento visual do aparcadoiro e medidas de integración do peche do ámbito, no caso de preverse.

Valórase positivamente a localización da edificación principal no noroeste da parcela, afastada do xacemento da Ramallosa para minimizar a súa afección e a consideración da posible existencia doutros restos arqueolóxicos. Con todo, a edificación e urbanización do ámbito deberá atender á mellor protección do xacemento e garantir a compatibilidade das intervencións na súa contorna de protección.

Non se espera que o novo centro de saúde incremente de forma relevante as necesidades actuais do núcleo no relativo a abastecemento de auga e saneamento.

En conclusión, non se esperan efectos ambientais significativos co desenvolvemento do plan, se ben resulta preciso establecer algunhas condicións ou determinacións que se concretan de seguido.

## PROPOSTA

Considerando o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de infraestruturas e dotacións SXS1 Centro de saúde A Ramallosa”. Porén, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- Para mellorar a integración paisaxística das actuacións atenderase ás consideracións feitas polo Instituto de Estudos do Territorio:
  - O artigo 15 da normativa específica do PEID deberá completarse coas determinacións derivadas das directrices de paisaxe DX.08, DX17 epígrafes b e c, DX.22 e RU.3 adoptadas polo plan (sen prexuízo da normativa sectorial de aplicación).
  - Para a definición das condicións de pavimentación exterior, aparcadoiro, sinalización, axardinamento, elementos de mobiliario urbano etc., recoméndase consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos público*, dispoñible na páxina web desta consellería. No deseño do aparcadoiro debe preverse ademais o amortecemento visual mediante a plantación de especies autóctonas arbustivas e/ou arbóreas.
  - No caso de preverse o peche da parcela, ademais de aplicar os criterios da directriz de paisaxe DX.22, recoméndase tomar como referencia a *Guía de caracterización e integración de valados*, dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.
- Teranse en conta as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, entre outras:





- o Tanto os planos de información como os de ordenación recollerán o contorno de protección do xacemento da Ramallosa establecido no PXOM de Teo (ficha 76 do Catálogo).
- o A normativa do plan incluírá un apartado específico relativo ao patrimonio cultural, que incluírá ou fará referencia ás determinacións aplicables do Decreto 199/1997 da LPCG. Entre outras, o réxime aplicable ás actividades arqueolóxicas (art. 96 LPCG en relación aos artigos 95 e 96) e ás intervencións nos contornos de protección (art. 45 e 46 LPCG).

María Carmen Paz Cornes  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental  
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto  
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

*(asinado con sinatura dixital)*

-----  
Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o “Plan especial de infraestruturas e dotacións SXS1 Centro de Saúde A Ramallosa”, no concello de Teo, posto que non se prevén efectos ambientais significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Teo xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o PEID no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela,

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

*(asinado dixitalmente)*

